

## Os pacientes do Val Miñor teñen tres meses para decidir se queren marchar de POVISA

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Mércores, 03 Setembro 2014 21:22

---



Se a lista de espera para a consulta dun especialista ou para entrar no quirófano en POVISA desespérate, agora tes opción de solicitar ser atendido e asignado a outro hospital público de Vigo.

A xerente do SERGAS, Nieves Domínguez, explicou nun comunicado de prensa co gallo da firma do novo convenio con POVISA, que os pacientes do Val Miñor e Morrazo, que até o de agora eran adscritos forzosamente ao hospital privado, poderán solicitar ser atendidos nos outros hospitais públicos de Vigo, que [actualmente teñen unhas listas de espera un 200% inferior ao centro privado.](#)

Deste xeito ábrese a posibilidade de que os pacientes do Val Miñor tamén teñan dereito a seren atendidos nuns prazos de tempo de lista de espera que de media son un 200% inferiores á lista de espera que rexistra POVISA, pasando dos 207 días aos 95 días de espera para unha intervención cirúrxica.

A idea, segundo explicou a xerente do organismo, é que os pacientes asignados a POVISA poidan elixir cambiar de centro hospitalario nun período que abriase unha vez ao ano, e que neste ano 2014 finalizará o prazo de solicitude o próximo 30 de novembro.

Para solicitar o cambio de hospital, os veciños e veciñas interesados terán que acudir ao seu centro de saúde co DNI e encher un formulario de solicitude. Dominguéz sinalou que o procedemento iniciaríase esta mesma semán, aínda que esta redacción non puido comprobar a información polo que é recomendable chamar antes de acudir ao centro de saúde.

## Os pacientes do Val Miñor teñen tres meses para decidir se queren marchar de POVISA

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Mércores, 03 Setembro 2014 21:22

---

A firma do novo convenio suporá unha inxección económica para o centro privado POVISA por un montante e 75€ millóns de euros anuais de partida, para dar cobertura a 139.000 pacientes. No caso dunha fuxida masiva de pacientes de POVISA a outros hospitais de Vigo, o SERGAS resérvase o dereito de asignar forzosamente aos pacientes dos hospitais públicos para pasalos a POVISA, é dicir, o proceso inverso.

Neste punto, o novo convenio garante a POVISA que o número de pacientes non baixará de 120.000 por decisión do SERGAS.

Con este novo proceso o SERGAS quere por fin ás críticas que recibe pola adscrición forzosa ao centro hospitalario con maior lista de espera de Galicia.

### **A plataforma de Defensa da Sanidade Pública alerta da privatización paulatina da atención hospitalaria en Vigo.**

A plataforma de defensa da Sanidade Pública denuncia que a Xunta mantén a POVISA "artificialmente" con diñeiro público e asegura que a xestión do futuro hospital de Vigo custará sete veces máis pola privatizaación dos seus servizos.

*A privatización total dos servizos públicos de sanidade en Vigo.* Esa é a alerta que lanza a Asociación galega para a Defensa da Sanidade Pública tras analizar os últimos movementos da Xunta con respecto á sanidade da principal urbe de Galicia.

“Toda a atención hospitalaria de Vigo quedará en mans privadas unha vez que se inaugure o novo hospital público de Vigo”, apunta nun comunicado. Unha acción que se completou coa renovación do

#### **concerto singular co Hospital Povisa**

por oito anos, "con ampliación cada dous", con diñeiro público.

“Este acordo supón

#### **manter artificialmente a unha empresa privada**

cunha xenerosa subvención de 75 millóns de euros anuais, cantidade similar á que recibirán as

## Os pacientes do Val Miñor teñen tres meses para decidir se queren marchar de POVISA

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Mércores, 03 Setembro 2014 21:22

---

empresas concesionarias do novo hospital de Vigo por financiar e xestionar o mesmo”, apunta esta entidade. Ademais, critica que a negociación mantida entre o Sergas e Povisa se realizou con "total falta de transparencia" e chea de "información enganosa", con medidas que "atentan" contra a planificación e a xestión racional.

Ao mesmo tempo, asegura que o

**novo hospital de Vigo seguirá un modelo de xestión privada similar ao de Povisa**

, polo que esixe a súa “paralización inmediata” polos "sobrecostos" que xera, "sete veces os reais", polos "recortes en persoal", "equipamento" ou "calidade dos materiais".

A estas denuncias, súmanse, segundo a Asociación galega para a Defensa da Sanidade Pública, as

**"irregularidades" no proceso de adxudicación da obra**

á actual concesionaria, como "a desaparición do informe" da auditora PWC, polo que a Xunta pagou 200.000 euros.

- Coa colaboración de  
[Galicia Confidencial](#)